

recurso de reposición formulado por Juan Carlos Rodríguez Núñez contra a Resolución do 18 de abril de 2006, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se aproban e se fan públicas as relacións definitivas de aspirantes admitidos e excluídos ás probas selectivas para o ingreso no corpo de auxiliares técnicos da Xunta de Galicia (grupo D), escala de axentes forestais (DOG nº 80, do 26 de abril).

Dado que o carácter da resolución é estimatorio da petición do interesado, procede dar publicidade á modificación da Resolución do 18 de abril de 2006, no sentido de eliminar da relación de excluídos que figura publicada como anexo á dita resolución a Juan Carlos Rodríguez Núñez, debendo figurar na relación definitiva de admitidos ás probas selectivas para o ingreso no corpo de auxiliares técnicos da Xunta de Galicia (grupo D), escala de axentes forestais, na quenda de acceso libre.

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común ou, poderase interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde a mesma data, de conformidade co disposto no artigo 8.2º e 10.1º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 7 de xullo de 2006.

José Rodríguez González  
Director xeral da Función Pública

*Resolución do 17 de xullo de 2006, do tribunal designado para cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo auxiliar da Xunta de Galicia (grupo D), pola que se lles dá publicidade a diversos acordos adoptados no dito proceso convocado pola Orde do 1 de decembro de 2005.*

En sesión que tivo lugar o día 17 de xullo de 2006, o tribunal designado pola orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 4 de abril de 2006 para cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo auxiliar da Xunta de Galicia (grupo D), convocado pola Orde do 1 de decembro de 2005 (DOG nº 239, do 15 de decembro), e de conformidade co establecido en dita orde de convocatoria:

#### ACORDOU:

Primeiro.-Anular as preguntas números 7 e 40 do cuestionario correspondente ao primeiro exercicio do proceso selectivo para o ingreso no corpo auxiliar da Xunta de Galicia (grupo D), pasando a ocupar

os seus postos as preguntas de reserva números 101 e 102.

De conformidade coa base II.4.7, contra este acordo poderase interpoñer recurso de alzada conforme ao previsto no artigo 114 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Segundo.-Desestimar as reclamacións formuladas por diversos opositores contra as preguntas non anuladas por este tribunal do cuestionario correspondente ao primeiro exercicio do proceso selectivo para o ingreso no corpo auxiliar da Xunta de Galicia (grupo D), por considerar correcta a súa formulación e estar incluídas no temario aprobado pola Orde do 1 de decembro de 2005, sendo válido o resultado que se recolle na folla de respostas publicada polo tribunal.

Santiago de Compostela, 17 de xullo de 2006.

Loreto Díaz Sánchez  
Presidenta do tribunal

### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Orde do 5 de xullo de 2006 pola que se aproban as bases do concurso público para a adxudicación dunha praza de profesor/a de lingua e literatura galegas no colexio Vicente Cañada Blanch de Londres (Reino Unido).*

A Constitución española establece que as comunidades autónomas poden asumir competencias no ensino da lingua de cada comunidade (artigo 148.17º). Esta asunción fíxoa efectiva a Comunidade autónoma de Galicia, e así no seu Estatuto de autonomía (artigo 27.20º) recoñece como competencia exclusiva a promoción e o ensino da lingua galega, competencia que exerce non só dentro do territorio galego senón tamén con respecto aos cidadáns de Galicia que viven fóra da comunidade (artigo 21.1º da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística).

Cómpre, polo tanto, promover o ensino da lingua, da literatura e da cultura galegas nos centros españois que, como o colexio Vicente Cañada Blanch de Londres contan entre o seu alumnado con estudantes de orixe galega.

Por todo isto, e de acordo co establecido no convenio asinado entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e o Ministerio de Educación e Cultura do 8 de maio de 1991 para a introdución dos estudos de lingua galega en centros españois no estranxeiro,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1º

Convocar un concurso público de méritos para a provisión dunha praza de profesor de lingua e literatura galegas no colexio Vicente Cañada Blanch de Londres (Reino Unido).

## Artigo 2º

Aprobar as bases que rexerán este concurso e a posterior concesión desta praza, que figura no anexo I desta orde.

## Artigo 3º

Poderán participar neste concurso, os funcionarios pertencentes ao corpo de mestres que sexan ademais licenciados en filoloxía hispánica (subsección galego-portugués, filoloxía románica (subsección galaico-portuguesa) ou en filoloxía galega, e mais os profesores numerarios de lingua e literatura galegas de ensino secundario con destino nun centro da Comunidade Autónoma de Galicia, sempre que cumpran o establecido na base primeira do anexo I desta orde.

## Artigo 4º

A persoa seleccionada será nomeada en comisión de servizos para o ano académico 2006-2007 podendo ser renovado ese nomeamento, ano por ano académico e ata un máximo de cinco, sempre que conte cos informes favorables da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e do Ministerio de Educación e Ciencia.

## Artigo 5º

O profesor/a seleccionado/a recibirá as súas retribucións como funcionario da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, e percibirá tamén do Ministerio de Educación e Ciencia o complemento de estranxería establecido (base 4ª do convenio). Calquera outro concepto (viaxes, desprazamentos, residencia, etc.) será pola súa conta.

## Artigo 6º

Facúltase a comisión constituída ao abeiro da base 8ª do convenio antedito para ditar as resolucións necesaria e tomar as medidas oportunas para a execución desta orde.

Santiago de Compostela, 5 de xullo de 2006.

Laura Sánchez Piñón  
Conselleira de Educación e Ordenación  
Universitaria

## ANEXO I

Bases que rexerán a convocatoria:

## Primeira.

Poderán solicitar esta praza os funcionarios do corpo de mestres licenciados en filoloxía hispánica (subsección galego-portugués), filoloxía románica (subsección galaico-portuguesa) ou en filoloxía galega, e mais os profesores numerarios de lingua e literatura galegas de ensino secundario con destino nun centro da Comunidade Autónoma de Galicia, sempre que na data da publicación desta orde reúnan as seguintes condicións:

1. Ter unha antigüidade mínima de tres anos como funcionario do corpo de mestres e/ou profesor numerario de lingua e literatura galegas no ensino secundario (acreditable mediante a folla de servizos), e ter impartido durante eses tres anos a materia de lingua e literatura galegas (acreditable mediante nomeamento e certificación do director do centro docente).

2. Encontrarse en situación de servizo activo, nos corpos de funcionarios docentes referidos.

## Segunda.

O profesor ou profesora seleccionado/a deberá ensinar a materia de lingua e literatura galegas en todos os niveis educativos que se impartan no colexio Vicente Cañada Blanch, interrelacionando os seus contidos coa realidade sociocultural de Galicia e da comunidade galega en Londres. Ademais, seranlle aplicables as normas xerais para profesores españois no estranxeiro, así como as específicas de funcionamento do claustro do centro (base 5ª do convenio).

## Terceira.

1. Para as solicitudes utilizarase o modelo de formulario que figura no anexo II desta orde e presentarse, xunto coa documentación acreditativa dos méritos alegados, no rexistro da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia (edificio administrativo de San Caetano, Santiago de Compostela), sendo de aplicación o establecido no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. O prazo de presentación será de vinte días hábiles contados a partir da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

3. Ao formulario de solicitude haberá que lle achegar a seguinte documentación:

-Fotocopia do DNI.

-Fotocopia compulsada do título administrativo de funcionario.

-Folla de servizos certificada, pechada na data de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

-Nomeamentos e/ou certificacións do director do centro ou centros que acrediten que impartiu a materia de lingua e literatura galegas como mínimo durante tres anos.

-*Curriculum vitae*. Non se valorarán os méritos alegados que non se acrediten suficientemente.

-Memoria na que se analicen as condicións xerais da praza que se solicita e se inclúa un proxecto de traballo adaptado a ela ( 20 folios como máximo).

## Cuarta.

Para a valoración dos puntos do baremo establecido no anexo III e alegados polos solicitantes nomearase unha comisión presidida polo secretario xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, e composta ademais polos seguintes membros:

-O/a subdirector/a xeral de Cooperación Internacional do Ministerio de Educación e Ciencia (ou persoa na que delegue).

-O xefe de Servizo de Plans, Programas e Asesoramento Lingüístico.

-A xefa de Servizo de Secundaria, FP e Réxime Especial.

-Un funcionario ou funcionaria da Secretaría Xeral, que actuará de secretario con voz e sen voto.

-Os sindicatos integrantes da mesa sectorial de persoal docente non universitario poderán nomear un representante por sindicato para asistir ás sesións da comisión.

A comisión presentaralle a proposta de selección á conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, quen resolverá.

O contido da resolución comunicaráselle ao Ministerio de Educación e Ciencia.

O prazo máximo para resolver será de catro meses, contados a partir da data de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. As solicitudes entenderanse desestimadas de non resolverse a convocatoria no prazo anteriormente sinalado.

A antes mencionada resolución poralle fin á vía administrativa e notificaráselles aos solicitantes. Contra ela poderán interpoñer recurso potestativo de reposición diante da conselleira de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes a partir do día seguintes ao da notificación, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 4/1999, de modificación da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, diante do Tribunal superior de Xustiza de Galicia.

Quinta.

A comisión, antes de formularlle á conselleira de Educación e Ordenación Universitaria a proposta de nomeamento, poderá convocar para unha entrevista os solicitantes que coide oportuno.

### ANEXO II

Adxudicación dunha praza de profesor de lingua e literatura galegas no colexio Vicente Cañada Blanch de Londres (Reino Unido).

Datos do solicitante:...

Apelidos:...

Nome:...  
NIF:...  
Enderezo:...  
Localidade:...  
Provincia:...  
Código postal:...  
Teléfono:...  
Solicita:...

Ser admitido/a na convocatoria pública para optar a unha praza de profesor/a de lingua e literatura galegas no colexio Vicente Cañada Blanch de Londres, efectuada mediante a Orde do 5 de xullo de 2006, por considerar que reúne os requisitos exixidos na propia orde de convocatoria.

Documentación que se achega cando esta solicitude (riscar o que se entregue):

-Fotocopia do DNI.

-Folla de servizos.

-Título administrativo de funcionario.

-Nomeamentos e/ou certificación acreditativa do director do centro.

-*Curriculum vitae*, xunto cos xustificantes oportunos.

-Proxecto de traballo.

..., de... de 2006.

Sinatura do solicitante

(Para cubrir pola Administración)

Recibido

Revisado e conforme

Data de entrada

Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria

### ANEXO III

Conceptos	Puntuación	Total puntos máximo	Documentos xustificativos
1. Antigüidade: Por cada ano de servizo como funcionario de carreira. Para estes efectos computaranse os servizos docentes recoñecidos conforme a Lei 70/1978; non se computarán os exixidos como requisito.	0,50 puntos	7 puntos	Folla de servizos.
2. Méritos académicos: 2.1. Polo título de doutor: 2.2. Titulacións de segundo ciclo: por cada licenciatura, enxeñaría, arquitectura ou títulos declarados legalmente equivalentes: 2.3. Titulacións de primeiro ciclo: pola segunda diplomatura ou os 3 primeiros cursos dunha licenciatura:	1 punto 0,5 puntos 0,25 puntos	2 puntos	Copia compulsada das titulacións alegadas.
3. Formación e perfeccionamento: 3.1. Por cursos superados que teñan por obxecto o perfeccionamento sobre os aspectos científicos e didácticos, organizados polas administracións educativas que se atopen en pleno exercicio das súas competencias en materia educativa, por institucións sen ánimo de lucro que fosen homologadas polas administracións precitadas, así como os organizados polas universidades (0,10 puntos por cada 10 horas de cursos superados acreditados): 3.2. Por outras actividades de formación e perfeccionamento en materia educativa, incluída a impartición de cursos (0,10 puntos por cada 10 horas): 3.3. Por actividades de formación específica directamente relacionadas co posto ao que se pretende acceder (0,10 puntos por cada 10 horas):	Ata 2 puntos Ata 1 punto Ata 3 puntos	6 puntos	Copia compulsada da documentación alegada.
4. Publicacións, proxectos, innovacións técnicas: 4.1. Por publicacións de carácter didáctico ou científico, proxectos e innovacións técnicas, de carácter xeral: 4.2. Por publicacións de carácter didáctico ou científico, proxectos e innovacións técnicas, relacionadas coa praza que se solicita: (Deberán conter o ISBN, agás as excepcións recollidas na lexislación vixente).	Ata 1 punto Ata 2 puntos	3 puntos	Documentación orixinal ou copia cotexada.
5. Proxecto de traballo: O proxecto de traballo deberá conter os obxectivos, planificación xeral, actividades, xustificación e definición á que corresponde a praza que se solicita. (Puntuación mínima exixida por este epígrafe: 4 puntos).	Ata 6 puntos polo proxecto	Ata 6 puntos	Orixinal, cunha extensión máxima de 20 folios.
6. Entrevista sobre o proxecto presentado (puntuación mínima exixida por este epígrafe: 1,5 puntos).	Ata 3 puntos pola entrevista	Ata 3 puntos	
7. Pola acreditación do coñecemento da lingua inglesa.	Ata 4 puntos	4 puntos	

**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

*Orde do 12 de xullo de 2006 pola que se resolve definitivamente a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nos servizos periféricos desta consellería.*

Convocada pola Orde do 21 de abril de 2004 (DOG nº 83, do 30 de abril), a provisión, polo sistema de libre designación, do posto de traballo de xefe da Unidade de Saúde Laboral da Dirección Provincial do Servizo Galego de Saúde da Coruña, e resolta pola Orde do 4 de xuño de 2004 (DOG nº 113, do 14 de xuño), foi anulada esta resolución pola Sentenza 86/2006, do 8 de febreiro de 2006, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Polo tanto, estando vacante o dito posto nos servizos periféricos da Consellería de Sanidade, esta consellería, de conformidade co previsto no artigo 27.2º da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, e nos artigos 16 e 17 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, e en uso das facultades que lle confire o artigo 15.4º da devandita lei,

**DISPÓN:**

Primeiro.-Resolver definitivamente, en execución da Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia nº 86/2006, do 8 de febreiro, a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nos servizos periféricos da Consellería de Sanidade, anunciada pola Orde do 21 de abril de 2004 (DOG nº 83, do 30 de abril).

Segundo.-Adxudicarlle destino, no posto de traballo que se indica, ao funcionario que se relaciona no anexo a esta orde, vistas as solicitudes que se recibiron, así como o oportuno informe-proposta a prol da persoa seleccionada.

Terceiro.-O interesado deberá tomar posesión no prazo sinalado no artigo 14 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo.

Cuarto.-Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer potestativamente recurso de reposición ante este mesmo órgano, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación. De non estimar a interposición deste recurso poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o xulgado do contencioso-administrativo competente, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 12 de xullo de 2006.

Mª José Rubio Vidal  
Conseleira de Sanidade

**ANEXO**

Apelidos e nome: Merino López, Eduardo.  
NRP: 3384067146 A206B.

Grupo: A.

Nivel CD: 28.

Posto de traballo: xefe da Unidade de Saúde Laboral.  
Dependencia: Delegación Provincial da Consellería de Sanidade.

Localidade: A Coruña.

**CONSELLERÍA DE TRABALLO**

*Orde do 13 de xullo de 2006 pola que se resolve a convocatoria para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nesta consellería, anunciada por Orde do 25 de abril de 2006 (Diario Oficial de Galicia número 87, do 8 de maio).*

Convocada a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante na Consellería de Traballo, mediante Orde do 25 de abril de 2006 (DOG nº 87, do 8 de maio), de conformidade co establecido nas bases quinta e sexta da referida orde, esta consellería,

**RESOLVE:**

Primeiro.-Adxudicarlle destino, no posto de traballo que se indica, ao funcionario que se expresa no anexo desta orde, seleccionado conforme o establecido nas bases da convocatoria, realizada por Orde do 25 de abril de 2006.

Segundo.-O cesamento no actual destino do funcionario que obtivo praza producirase no prazo de tres días, contados a partir do seguinte ao da data da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Se na data en que debe cesar no seu destino o funcionario está desfrutando un período de licenza, vacacións ou permiso, o prazo para efectualo empezará a contar a partir do día seguinte ao da súa incorporación.

A toma de posesión da praza adxudicada deberase realizar no prazo dos tres días seguintes ao do cesamento, de tratarse da mesma localidade en que actualmente presta os seus servizos o funcionario, ou no prazo dun mes, de tratarse de distinta localidade, conforme o establecido no artigo 14 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo.

Terceiro.-O xefe do centro en que cause baixa o funcionario, así como o daquel en que obteña destino, consignarán no título administrativo, dentro do prazo sinalado no punto anterior, as correspondentes dilixencias de cesamento e toma de posesión, das cales se dará traslado, mediante copia, á Dirección Xeral da Función Pública.

Cuarto.-Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante esta consellería, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao